



Avda. da Habana, 95-baixo
15320 As Pontes (A Coruña)
tlf. e fax.- 981440884
e-mail: bngaspontes@terra.es
www.bng-galiza.org

D. Xaime Castro Paz, voceiro (titular) do grupo político municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, segundo escrito de entrada nº 4958, do 16 de xuño de 2007,

EXPÓN

- Que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu Título I (*Do municipio*), Capítulo III (*Organización*), Sección 9ª (*Dos grupos políticos*), Artigo 79.1, establece que “*Sempre que sexa posible, os diversos grupos políticos dispoñerán, na sede da entidade local, dun despacho ou local para xuntarse de maneira independente e recibir visitas dos cidadáns.*”

- Que, ao entender do grupo político municipal do BNG, na pasada lexislatura, coa intención de satisfacer as demandas dos, daquela, grupos da oposición, planificáronse e executáronse obras encamiñadas a dar cumprimento ao condicionante enunciado no precepto referido con anterioridade.

Polo que

SOLICITA

Que dentro das actuacións de reorganización e distribucións de espazos que o actual grupo de goberno municipal está a levar a cabo, se considere a asignación ao grupo político municipal do BNG dun **local, coa capacidade e os medios materiais e técnicos proporcionais á súa representatividade**, que facilite o seu traballo e a súa atención ás veciñas e veciños, o que, sen dúbida, “*redundará en beneficio do noso pobo*”.

As Pontes, 5 de xullo de 2007
O VOCEIRO DO G.P.M. DO BNG

Asdo.: Xaime Castro Paz

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DAS PONTES.